



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE DE DATA 15 DE XUÑO DE 2019

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás doce horas do día 15 de xuño de dous mil dezanove, co fin de constituír a nova Corporación e elixir alcalde, de conformidade co establecido nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e art. 40 do Regulamento orgánico municipal, reúnense, en sesión pública, os señores concelleiros electos nas eleccións locais que tiveron lugar o día 26 de maio do ano que andamos, que son os seguintes, segundo a orde establecida nas actas de proclamación de concelleiros electos remitidas á Secretaría xeral deste concello pola Xunta Electoral de Zona da Coruña:

Por Unión por Cambre

Don Óscar Alfonso García Patiño
Don Juan González Leirós
Dona Elisa Pestonit Barreiros
Don Ramón Boga Moscoso
Dona María Carmen Pan Matos
Don Daniel Mallo Castro
Doña Mónica Varela Germade
Doña María Dolores Pan Lesta

Polo Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE

Dona Lúa Sanguinredo Álvarez
Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
Dona Patricia María Parceros Quiñoy
Don Diego Alcantarilla Rei

Polo Partido Popular

Don Juan María Abalo Castex
Dona María Jesús González Roel
Dona Marta María Vázquez Golpe

Polo Bloque Nacionalista Galego

Don Daniel Carballada Rodríguez
Don Brais Cubeiro Fernández

Por Alternativa dos Veciños

Don Raúl Varela Fraguio
Dona Sandra Sánchez Vieites

Por Esquerda Unida de Cambre- Son en Común

Dona Olga Santos López

Por Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía

Dona María José García Hidalgo

Asisten don Sergio Cao Mahía, informático auxiliar, e don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, que se incorpora á sesión trala toma de posesión do cargo de alcalde.

Asiste, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión de constitución do Pleno municipal e de elección de alcalde do día 15 de xuño de 2019, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201906151002360000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que, en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Acceso á videoacta – 00:00:00 horas

Abre o acto a secretaria xeral, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, dando lectura á información previa relativa ao obxecto da sesión.

De conformidade co establecido no artigo 195.1 da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral e artigo 40 do Regulamento orgánico municipal, a Corporación constituirase en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, é dicir, o día 15 de xuño, agás que se tivera presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos.

Segundo a acta de proclamación de candidatos do 31 de maio de 2019 remitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña, e rexistrada de entrada ao núm. 0/3602 o día 4 de xuño de 2019, non figuran recursos presentados ante a Xunta Electoral.

O 14 de xuño actual recibíuse na Secretaría Xeral certificación do acordo adoptado pola Xunta Electoral de Zona o mesmo 14 de xuño, rexistrado de entrada ao núm. 0/3855, con motivo da renuncia do concelleiro electo don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, así como a credencial expedida a prol de don Diego Alcantarilla Rei.

Tendo e conta canto antecede, a secretaria da Corporación dá lectura aos nomes e apelidos dos vinte e un candidatos proclamados electos no Concello de Cambre, segundo a orde establecida na acta de proclamación.

A continuación, explica que, en canto á orde do día, o Sr. alcalde en funcións ditou a Resolución núm. 1168/2019, do 11 de xuño, de convocatoria de sesión constitutiva para o día 15 de xuño, ás doce horas, no salón de sesións da casa do concello, coa orde do día establecida no artigo 40 do Regulamento orgánico municipal, sendo o primeiro punto a formación da Mesa de Idade.

1. Formación da Mesa de Idade

Acceso á videoacta – 00:03:13 horas

De conformidade co establecido no artigo 195.2 da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral e artigo 40.2 do Regulamento orgánico municipal, para a celebración da sesión constitutiva formárase unha Mesa de Idade, integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, actuando como secretaria a da Corporación. A presidencia a ostenta o concelleiro electo de máis idade ata a toma de posesión do alcalde que resulte elixido.

Tendo en conta os datos obrantes na Secretaría municipal, segundo informe emitido pola encargada do Padrón municipal de habitantes respecto da data de nacemento dos candidatos e candidatas electos, resulta que a concelleira electa de maior idade, e presidenta da dita mesa, é dona María Jesús González Roel, e o concelleiro de menor idade don Brais Cubeiro Fernández, polo que, de non haber erro nas datas de nacemento, son eles os que deben formar a Mesa de Idade.

De conformidade co previsto no artigo 195.3 e 4 da LOREG e artigo 40.3 e 4 do Regulamento orgánico municipal, corresponde á Mesa comprobar as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos con base nas certificacións que ao concello tivera remitido a Xunta Electoral de Zona, así como comprobar que concorren ao acto a maioría absoluta dos concelleiros electos, neste caso declarará constituída a Corporación.

Dona María Jesús González Roel, presidenta da Mesa de Idade, dá os bos días aos presentes e manifesta que comprobado que se atopan no salón de sesións a totalidade dos concelleiros e concelleiras electos, queda constituída a Mesa de Idade e, en consecuencia, declara aberta a sesión para a constitución da Corporación do Concello de Cambre.

A secretaria xeral fai constar que, de conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 30 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, todos os concelleiros electos entregaron na Secretaría xeral do concello:

- credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona
- fotocopia compulsada do DNI
- as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, a declaración de bens patrimoniais e de participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e copia compulsada da declaración tributaria do imposto da renda, patrimonio e sociedades, no seu caso, que foron transcritas en o Libro de Bens Patrimoniais e no Libro de Incompatibilidades e outras actividades residenciados na Secretaría xeral.

A continuación, acreditado o cumprimento dos citados trámites, a Mesa de Idade non aprecia causa de incompatibilidade en ningún dos concelleiros e concelleiras electos, polo que dá cumprimento ao establecido no artigo 108.8 da Lei orgánica de réxime electoral xeral respecto de que, no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos e candidatas electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, comezando polos integrantes da Mesa de Idade e seguindo polos demais electos, segundo a orde establecida na acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona.

2. Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de concelleiro

Acceso á videoacta – 00:07:08 horas

O artigo 108.8 da Lei orgánica do réxime electoral xeral establece que:

“8. No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos.”

O xuramento ou promesa de acatamento á Constitución prestarase baixo a fórmula establecida no Real decreto 707/1979 (*xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro/concalleira do Concello de Cambre, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Para isto, sitúase enriba da mesa auxiliar, colocada para o efecto, un exemplar da Constitución Española así como a fórmula regulamentaria do xuramento ou promesa en galego e castelán, efectuándoo en primeiro lugar a presidenta da Mesa de Idade e logo o vogal. Os demais concelleiros e concelleiras electos o farán seguindo a orde en que aparecen reflectidos na acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña.

Seguidamente efectúase o chamamento nominal e todos os concelleiros e concelleiras van prestando xuramento ou promesa e ocupando os seus respectivos escanos.

Faise constar que, logo do informe no mesmo acto da secretaria xeral, o vogal da Mesa de Idade, don Brais Cubeiro Fernández, formula novamente a promesa de acatamento á Constitución, dado que na súa primeira intervención non cumpriu adecuadamente con este requisito, tal e como vén establecendo a xurisprudencia e doutrina nesta materia.

Cumpridos os requisitos legais e finalizado o acto de xuramento ou promesa, a Mesa de Idade declara validamente constituída a nova Corporación resultante das eleccións locais celebradas o pasado 26 de maio, polo que os comparecentes adquiren a plena condición de concelleiros e concelleiras, quedando integrada a nova Corporación municipal polos seguintes membros:

Por Unión por Cambre

Don Óscar Alfonso García Patiño
Don Juan González Leirós
Dona Elisa Pestonit Barreiros
Don Ramón Boga Moscoso
Dona María Carmen Pan Matos
Don Daniel Mallo Castro
Doña Mónica Varela Germade
Doña María Dolores Pan Lesta

Polo Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez
Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
Dona Patricia María Parcero Quiñoy
Don Diego Alcantarilla Rei

Polo Partido Popular

Don Juan María Abalo Castex
Dona María Jesús González Roel
Dona Marta María Vázquez Golpe

Polo Bloque Nacionalista Galego

Don Daniel Carballada Rodríguez
Don Brais Cubeiro Fernández

Por Alternativa dos Veciños

Don Raúl Varela Fraguio
Dona Sandra Sánchez Vieites

Por Esquerda Unida de Cambre- Son en Común

Dona Olga Santos López



Por Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía

Dona María José García Hidalgo

3. Elección do alcalde

Acceso á videoacta – 00:18:22 horas

A continuación, levase a cabo a elección de alcalde ou alcaldesa do Concello de Cambre, de conformidade co previsto no artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, que establece que poden ser candidatos todos os concelleiros e concelleiras que encabecen as correspondentes listas e se algún deles obtén a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros será proclamado alcalde electo. Se ningún deles obtén a maioría absoluta será proclamado alcalde ou alcaldesa quen encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no municipio.

Da literalidade do precepto dedúcese que só poden ser candidatos os cabeza de lista, se ben poden renunciar á candidatura. Neste suposto, a teses predominante é a de que a posibilidade de ser candidato ou candidata non pasa ao seguinte.

En canto á votación, aínda que existe un uso administrativo no sentido de que a elección de alcalde debe ser mediante votación secreta, non hai fundamento legal, pois tanto o Real decreto 2568/1986, como a Lei 7/1985, remiten á lexislación electoral, que non establece nada ao respecto, polo que pode utilizarse calquera das tres fórmulas establecidas no artigo 101 do citado Real decreto, é dicir, votación ordinaria, nominal ou secreta.

Tendo en conta a normativa aplicable, e oídos os concelleiros e concelleiras que encabezan as distintas listas preséntanse e son proclamados candidatos ao cargo de alcalde do Concello de Cambre:

- Don Óscar Alfonso García Patiño, de Unión por Cambre
- Don Juan María Abalo Castex, do Partido Popular
- Don Raúl Varela Fraguio, de Alternativa dos Veciños

Faise constar que a unanimidade dos vinte e un concelleiros que integran a Corporación votan a prol de que a votación para elixir alcalde sexa mediante votación ordinaria.

Sometida a votación ordinaria a candidatura presentada por don Óscar Alfonso García Patiño, votan a prol os oito concelleiros de Unión por Cambre.

Sometida a votación ordinaria a candidatura presentada por don Juan María Abalo Castex, votan a prol os tres concelleiros do Partido Popular.

Sometida a votación ordinaria a candidatura presentada por don Raúl Varela Fraguio, votan a prol os dous concelleiros de Alternativa dos Veciños.

Visto o resultado da votación, e ao non ter acadado ningún dos candidatos o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación, a Mesa de Idade proclama alcalde do Concello de Cambre ao candidato da lista electoral de Unión por Cambre, don Óscar Alfonso García Patiño, ao ser o candidato que encabeza a lista que obtivo maior número de votos populares no municipio.

4. Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de alcalde

Acceso á videoacta – 00:23:40 horas

Don Óscar A. García Patiño acepta o cargo de alcalde do Concello de Cambre e presta promesa de acatamento á Constitución, tralo cal queda posesionado do cargo e asume a presidencia da sesión constitutiva, recibindo o bastón de mando como símbolo das atribucións propias do cargo.

O novo alcalde dirixe unhas palabras a todos os presentes.

5. Cumprimento do establecido no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro

Acceso á videoacta – 00:33:41 horas

A secretaria da Corporación expón que, de conformidade co establecido no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os secretarios e interventores tomarán as medidas precisas para que o día da constitución das novas corporacións locais se efectúe un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

A continuación, o interventor municipal dá lectura á acta de arqueo que se transcribe a continuación:

“En cumprimento do disposto no artigo 36.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o día da constitución da nova Corporación municipal fíxose un arqueo do saldo das contas que o Concello de Cambre ten abertas nas entidades de crédito e da Caixa da Corporación.

Con esa finalidade, solicitáronse certificados ás entidades de crédito, do saldo ao peche do día 14 de xuño de 2019. Como no momento de facer este arqueo aínda non se recibiron estes certificados no concello, o presente documento tívose que facer coa información resultante da banca electrónica. Se unha vez recibidos os xustificantes bancarios se apreciase algunha diferenza nas contías reflectidas, darase conta delas.

CONTAS OPERATIVAS

ENTIDADE	NÚMERO DE CONTA	SALDO €
ABANCA	ES10 2080 5531 0931 1000 0158	1.225.287,70
ABANCA	ES17 2080 0048 2931 1000 0050	171,03
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	ES49 0182 6244 4500 1000 0306	465.718,85
BANCO BILBAO VIZCAYA INSTITUCIONES	ES98 0182 6244 4802 0015 0178	533.274,09
CAIXABANK	ES56 2100 2459 1402 0000 0804	69.554,70
CAIXABANK	ES17 2100 8685 3402 0001 0975	0
BANCO DE SANTANDER	ES13 0049 3063 3721 1400 3540	39.150,77
BANCO PASTOR	ES44 0238 8125 5606 6000 0173	7.666,64
BANCO SABADELL-GALLEGO	ES30 0081 2188 7400 0108 7919	764.283,79
BANCO SABADELL-GALLEGO	ES13 0081 2188 7500 01145115	1.689.343,97
TOTAL		4.717.230,20 €

CONTAS RESTRITIVAS

ENTIDADE	NÚMERO DE CONTA	SALDO €
ABANCA	ES58 2080 0048 2631 1000 0041	2.305,76
CAIXABANK	ES59 2100 2459 1102 0004 1152	33.900,19
BANCO DE SANTANDER	ES70 0049 3063 3226 1410 6047	1.797,83
TOTAL		38.003,78

ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A.	0182 6244 44 0201553006	10.634,38
Caixa anticipo caixa fixa de servizos xerais	2080 0048 22 3110000087	24.334,79
	Metálico	436,74
	Facturas pendentes de reintegro ACF	228,47

CAIXA MUNICIPAL: **709 €**
CAIXA DO MUSEO: **1.156,56 €**

DEPÓSITOS A PRAZO

Banco Sabadell	0081 2188 71 0000137813	1.500.000 €
Banco Sabadell	0081 2188 77 0000140916	1.500.000 €

Faise constar que esta acta de arqueo, que está asinada pola tesoureira, interventor municipais e alcalde saínte con data 15 de xuño de 2019, é asinada neste acto polo alcalde entrante.

A continuación, a secretaria xeral dá conta do informe de comprobación do Inventario municipal, de data 13 de xuño de 2019, que consta do seguinte teor literal:

“De conformidade co establecido nos artigos 86 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 32 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e 17 e 33 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, as entidades locais teñen o deber de formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencan, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición, e deben rectificalo anualmente, reflectindo as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

Establecen, igualmente, que o inventario deberase comprobar sempre que se renove a Corporación, e o resultado consignarase ao final do documento sen prexuízo de levantar acta adicional con obxecto de deslindar as responsabilidades que puidesen derivarse para os membros saíntes e, no seu día, para os entrantes.

Respecto da comprobación do Inventario, o artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais establece que *“os Secretarios e Interventores tomarán as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais se efectúa un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na Caixa Municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao Inventario do patrimonio da Corporación e dos seus Organismos autónomos”*.

A fin de dar cumprimento á normativa de referencia, como secretaria xeral do Concello de Cambre, informo á Corporación resultante das eleccións celebradas o pasado 26 de maio de 2019:

Primeiro: Que o pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 29 de xuño de 2017, aprobou o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre, cun valor total de 244.251.943,60 euros, segundo a seguinte desagregación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

EPIGRAFES	Numero de Bens e dereitos que comprende	Folios	Valoración
1º Inmables			
EPIGRAFE 1A - FINCAS URBANAS	173	1 al 173	191.885.645,51 €
EPIGRAFE 1B - FINCAS RUSTICAS	127	1 al 127	9.691.103,41 €
EPIGRAFE 1C - VIAIS MUNICIPAIS	505	1 al 505	5.278.795,82 €
EPIGRAFE 1D - OUTROS BENS	132	1 al 132	264.743,37 €
EPIGRAFE 1E - CESIÓNS A VIAIS E COMPRA DE TERREOS A VIAIS			
1E1 - Cesións obrigatorias a viais	242	1 al 242	851.016,75 €
EPIGRAFE 1F - INFRAESTRUCTURAS			
1F2 - Saneamento	23	1 al 23	6.910.894,33 €
1F3 - Abastecemento	25	1 al 25	22.322.338,59 €
1F1 - Alumeado	138	1 al 138	5.858.020,00 €
2º Dereitos Reais	17	1 al 17	41.181,00 €
3º Mobles de Carácter Histórico, Artísticos	73	1 al 73	32.400,00 €
4º Valores mobiliarios Creditos e Dereitos de carácter persoal.			
EPIGRAFE 4A - CREDITOS E DEREITOS		1 al 0	€
EPIGRAFE 4B - VALORES MOBILIARIOS	1	1 al 0	4.200,00 €
5º Vehículos	26	1 al 26	350.548,00 €
6º Semoventes		1 al 0	€
7º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados.			
EPIGRAFE 7.1 - BENS SIMPLES	664	1 al 664	566.536,58 €
EPIGRAFE 7.2 - BENS POR CANTIDADE	254	1 al 254	194.520,24 €
8º Bens e Dereitos revertibles	5	1 al 5	€
TOTAIS			244.251.943,60

Ascende o valor total dos bens e dereitos pertencentes a esta Corporación, na data de confección do presente inventario, á cantidade de euros 244.251.943,60 €.

Segundo: Que no exercicio do 2018 non se levou a cabo a rectificación do Inventario, non obstante, no ano 2019 o pleno municipal adoptou os acordos que se relacionan a continuación de altas e baixas de bens, se ben están pendentes de levarse a cabo os traballos para incorporar as ditas altas e baixas na plataforma INGRID que dá soporte ao Inventario de bens e dereitos do Concello de Cambre:

A) O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 25 de abril de 2019, acordou incluír no Inventario de bens e dereitos trinta e un camiños (vinte e sete por estimación de solicitudes veciñais e e catro de oficio) así como aceptar e incluír os camiños grafiados no escrito rexistrado de entrada con data de 31 de decembro de 1996 da Dirección Xeral de Carreteras do Ministerio de Fomento, relativo á cesión dos "Camiños de Servizo. Obra: autovía A9-Arteixo. Clave: 12-LC-2550. Termo municipal: Cambre", acordo que foi publicado na páxina web municipal e ao que me remito, sendo a relación de camiños a que consta a continuación de forma sucinta:

1. Camiño sito no lugar do Souto, Sigrás.
2. Camiño sito no Monte, Bribes.
3. Camiño sito no Drozo, Cambre.
4. Camiño sito en Muiños de Naya, Sigrás.
5. Camiño sito en Barral, Bribes.
6. Camiño sito en O Vilar, Bribes.
7. Camiño que vai de Peirao á Veiga, en Bribes.
8. Camiño sito en Seoane, Anceis.
9. Camiño sito en Gosende, Andeiro.
10. Camiño sito en Meixigo.
11. Camiño sito na Arrigada, Cambre, denominado Rúa San Blas.
12. Camiño sito en Seoane, Anceis.

13. Camiño sito no Canal, Cecebre.
14. Camiño sito en Sigrás de Abaixo.
15. Camiño sito en Meixigo, parroquia de Cambre.
16. Camiño sito en Meixigo, parroquia de Cambre.
17. Camiño sito en Sarnoso, Brexo.
18. Camiño sito en O Pombo, Cambre.
19. Camiño sito en Castrillón, Pravio.
20. Camiño sito no Piñeiro, Cecebre.
21. Camiño sito en Fraís, Cecebre.
22. Camiño sito nas Gamelas, Anceis.
23. Camiño sito no Monte das Tumbias.
24. Camiño sito no Souto, Sigrás.
25. Camiño sito en Fraguíña, Bribes.
26. Camiño sito en Peiraio, Bribes.
27. Camiño sito en O Rueiro, Cela.
28. Camiño sito en Lendoiro, Cecebre.
29. Camiño sito na Fonte da Vila, Santa María de Vigo.
30. Camiño sito en Outeiro, Santa María de Vigo.
31. Camiño sito en As Pereiras, Cambre.
32. Camiños de servizo. Obra: "Autovía do Noroeste de Madrid A Coruña. Tramo: A9 – Arteixo. Clave: 12-LC-2550. Termo municipal: Cambre".

- B) O Pleno municipal, na súa sesión extraordinaria do día 16 de maio de 2019, adoptou o acordo relativo ás altas, baixas e modificacións, acordo que se atopa publicado na web municipal e ao que me remito, e que de forma sucinta se fai constar a continuación:

"Altas no epígrafe 1: bens inmobles.

Código 1A. Fincas Urbanas.

1. Parcela sita na Rocha, Anceis, que se describe como "monte chamado Carballal de Arriba", cun valor de 36.614€.
2. Pista polideportiva cuberta construída pola Asociación Cultural e de Ocio San Antonio de Anceis sobre a parcela de titularidade municipal sita no lugar de A Rocha, cun valor de 342.558,43 €.
3. Parcela sita na Rúa Cruceiro, Cambre.
4. Parcela sita no lugar da Igrexa, parroquia de Cela, cun valor de 35.507 €.
5. Parcelas incluídas no proxecto denominado "Rúa O Balado, no seu acceso á Estrada Cambre – Temple", adquiridas para destinalas a espazos libres de dominio e uso público e a viario, por expropiación forzosa, por un prezo de 196.672,88 €.
6. Parcela sita na Rúa Rocón, Cambre, adquirida para destinala a espazos libres e de uso público, mediante expropiación forzosa por un prezo de 13.656,07€.
7. Parcelas adquiridas en virtude do proxecto de compensación do polígono 1 SAU BD8 Quintán.

Código 1E. Cesións obrigatorias a viais.

1. Cesión no lugar de Castrobo 39, parroquia de Anceis.
2. Cesión en Rúa Amil, Cambre.
3. Cesión no lugar de Sigrás e Abaixo 25, parroquia de Sigrás.
4. Cesión no lugar de Sixto 2, parroquia de Cambre.
5. Cesión no lugar de Quintán, parroquia de Cecebre.
6. Cesión no lugar de Piñeiro, parroquia de Cecebre.

7. Cesión no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre.
8. Cesión no lugar de Roncesvalles, parroquia de Brexo.
9. Cesión no lugar de Fontenla, parroquia de Pravio.
10. Cesión no lugar de A Pagueira, parroquia de Brexo.
11. Cesión no lugar de Drozo, parroquia de Cambre.
12. Cesión no lugar de A Patiña, parroquia de Cela.
13. Cesión no lugar de A Pagueira, parroquia de Brexo.
14. Cesión no lugar de Formigueiro, parroquia de Brexo.
15. Cesión no lugar de Espírito Santo, parroquia de Cecebre.
16. Cesión no lugar de Formigueiro, parroquia de Brexo.
17. Cesión no lugar de San Roque, parroquia de Santa María de Vigo.
18. Cesión no lugar de Roncesvalles, parroquia de Brexo.
19. Cesión no lugar de A Cabana 20, parroquia de Anceís.
20. Cesión no lugar de Igrexas, parroquia de Cela.
21. Cesión no lugar de A Pagueira, parroquia de Brexo.

Melloras no epígrafe 1: bens inmobles.

Melloras como consecuencia dos proxectos executados.

Código 1A. Fincas Urbanas.

1. **1A.3.007. Pavillón do Colexio Emilio González López.** Execución do proxecto "Acceso cuberto ao polideportivo municipal Bernardo Bish, Brexo", por un importe de 32.063,54 euros.
2. **1A.10.003. Pavillón polideportivo.** Execución do proxecto "Escaleira exterior entre o IES David Buján e o polideportivo dos Campóns, Sigrás", por un importe 12.342,00 euros.
3. **1A.11.052. Praza de Eduardo Blanco Amor.** Execución do proxecto "Reordenación aparcadoiros no entorno das rúas Eduardo Blanco Amor e Temple" por un importe de 27.086,84 euros.
4. **1A.11.042. CENTRO DE SAUDE, "RESIDENCIAL OS MAGNOLIOS", LOCAL Nº 5, UE Nº 9.** Execución do proxecto "Adecuación de local municipal en Paseo Marítimo nº 3, O Temple", por un importe de 19.602,00 euros.
5. **1A.3.012. Campo de fútbol "Os Pinares".** Execución do proxecto "Instalación solar térmica para AQS no campo municipal Os Pinares, Brexo-Lema, Cambre", por un importe de 12.523,50 euros.
6. **1A.12.001. ESCOLA DE PREESCOLAR.** Execución do proxecto "Reforma do local municipal de Santa María de Vigo-Cambre", por un importe de 17.795,71 euros.
7. **1A.10.001. LOCAL SOCIOCULTURAL DE SIGRÁS.** Execución do proxecto "Acondicionamento e reforma no centro social de Sigrás", por un importe de 24.713,10 euros.
8. **1A.05.050. EDIFICIO ASOCIACIÓN VECIÑAL "O PALCO".** Execución do proxecto "Acondicionamento e acabados no centro social de Meixigo (fase 1)", por un importe de 51.304,00 euros.
9. **1A.11.007. PARQUE RAMÓN BARBA, CASETA, VESTIARIOS E PISCINA.**
1A.05.032. PISTA POLIDEPORTIVA A BARCALA.
Execución do proxecto "Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala", por un importe de 53.000,00 euros.
10. **1A.10.003. PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DOS CAMPÓNS.**
1A.03.007. Pavillón do Colexio Emilio González López.
Execución do proxecto "Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo) POS+ 2017", por un importe de 67.746,00 euros.

11. **1A.06.006. PARVULARIO DE LENDIORO.** Execución do proxecto "Reforma do local municipal de Lendoiro-Cambre", por un importe de 21.371,19 euros.
12. **1A.05.004.CENTRO POLIVALENTE ARRIGADA E SOLAR.** Execución do proxecto "Instalación de calefacción mediante aerotermia na casa Arrigada, OMIX, Estrada da Estación nº 52", por un importe de 8.972,15 euros.
13. **1A.11.041. PRAZA DE XOSE LUIS CASO CORTINES.** Execución do proxecto "Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luís Caso Cortines incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015", por un importe de 86.636,00 euros.
14. **1A.11.023. PRAZA DE MIGUEL LUGRÍS (UE Nº 16).** Execución do proxecto "Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugo, O Temple", por un importe de 109.505,00 euros.
15. **1A.05.051. ZONA VERDE HORTA DO CURA.** Execución do proxecto "Reordenación Parque Iglesia e mellora de peche existente en Cambre.Lote 1", por un importe de 22.132,34 euros.
16. **1A.05.044. CAMPO DE FUTBOL DANIEL MALLO CASTRO.** Execución do proxecto "Instalación de caldera de biomasa no campo de fútbol municipal Dani Mallo", por un importe de 34.848,00 euros.

Código 1B. Fincas rústicas.

1B.05.019. PARQUE. Execución do proxecto "Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala", por un importe de 71.000,00 euros.

Código 1C. Viais.

1. **1C.1.004. Rúa Vicente Risco.** Execución do proxecto "Acondicionamento do entorno da rúa Vicente Risco, O Temple-Cambre", por un importe de 20.328,00 euros.
2. **1C.1.287.CAMIÑO O CORGO DP 1704- AGRA DE ARRIBA DP 1702 e OUTROS** segundo o proxecto "Renovación do firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre), incluída no PAS 2015", por un importe de 32.015,39 euros.
3. **1C.1.0229 Os Curras (STA Mª Vigo) e outros,** segundo o proxecto "Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e Outros, POS+ 2017", por un importe de 136.655,61 euros.
4. **1C.1.084. CAMIÑO FABAS.** Execución do proxecto "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre, cofinanciada ao abeiro da resolución do 18 de maio de 2017 da Agader pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018", por un importe de 29.150,00 euros.
5. **1C.1.114. RÚA FLEMING e 1C.1.115. RÚA LUMIERE.** Execución do proxecto "Renovación do firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, Polígono Industrial do Espírito Santo, Cambre", por un importe de 97.426,71 euros.

Código 1F1.Alumeado.

1. **1F1. Alumeado.** Execución do proxecto "Actuacións de mellora e aforro no alumeado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre, Cambre 2015, incluída POS ADICIONAL 1/2016", por un importe de 37.451,67 euros.
2. **1F1. Alumeado.** Execución do proxecto "Mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, parque Francisco Rodríguez, praza Miguel Ángel Blanco e outras", por un importe de 42.173,53 euros.

Código 1F2. Saneamento.

1. **1F2.Saneamento.** Execución do proxecto “Cruce mediante perforación dirixida para rede de saneamento na AC-221, pq 6+580”, por un importe de 6.811,09 euros.
2. **1F2.SANEAMENTO.** Execución do proxecto “Saneamento en Curros Enríquez (O Graxal) e outros, Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2017”, por un importe de 65.501,06 euros.
3. **1F2.SANEAMENTO.** Execución do proxecto “Nova rede de saneamento CALLE, PRAVIO, CAMBRE”, por un importe de 39.615,40 euros.
4. **1F2.SANEAMENTO.** Execución do proxecto “Saneamento en rúa Gándara do nº 1 ao nº 4, Pravio-Cambre”, por un importe de 28.432,29 euros.
5. **1F2.SANEAMENTO.** Execución do proxecto “Nova rede de pluviais no camiño municipal codificado co nº 175, Sixto, Cambre”, por un importe de 10.993,58 euros.

Código 1F3. Abastecemento.

1. **1F3. ABASTECEMENTO.** Execución do proxecto “Modificación nº1: Nova rede de pluviais no Polígono Industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012, obra POS Adicional 1/2013”, por un importe de 114.588,76 euros.
2. **1F3. ABASTECEMENTO.** Execución da “Renovación da rede de abastecemento na rúa Polígono”, por un importe de 35.000 euros.

Altas no epígrafe 2: dereitos reais.

1. Co fin de levar a cabo a execución do proxecto “**Aparcamentos provisionais na unidade de execución nº 4 e A Coutelana**”, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día cinco de setembro de dous mil dezaseis, acordou a aceptación, polo prazo de un ano prorrogable automaticamente por períodos anuais, do uso de varias parcelas.
2. Co fin de executar un **aparcadoiro público no entorno de Vila Concepción, O Temple**, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e cinco de setembro de dous mil dezaioito, acordou a aceptación, polo prazo de un ano prorrogable automaticamente por períodos anuais, do uso de dúas parcelas.
3. Co fin de dispoñer dun terreo para dedicalo a **actividades de carácter deportivo, sociocultural e educativo ao aire libre**, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día catorce de marzo de dous mil dezasete, acordou a aceptación, polo prazo de un ano prorrogable automaticamente por períodos anuais, do uso da parcela sita no lugar da Igrexa, parroquia de Cela.

Altas no epígrafe 5: vehículos.

1. Desbrozadora para uso da brigada de obras, adquirida mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión ordinaria do día trece de xuño de dous mil dezasete, por un importe de 15.500,00 euros IVE incluído.
2. Miniretroexcavadora para uso da brigada de obras municipal, adquirida mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día doce de decembro de dous mil dezasete, polo importe ofertado de 16.135,59 euros, IVE incluído.
3. Furgoneta para uso da brigada de obras municipal, adquirida mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e oito de marzo de dous mil dezasete, polo importe ofertado de 6.500 euros, IVE incluído.

Baixa no epígrafe 5: vehículos.

Única: Vehículo marca Citroën, modelo Xantia, con placas de matrícula C8577BL e nº de bastidor VF7X14A00054A5256, codificado no Inventario de Bens e Dereitos ao número 5.0.000009, adscrito á policía local".

A continuación, o Sr. alcalde informa a todos os presentes que dentro do prazo máximo de trinta días, deberá ter lugar a sesión ou sesións extraordinarias do pleno da Corporación co obxecto de resolver os seguintes puntos, de conformidade co sinalado no artigo 41 do Regulamento orgánico municipal:

- a) Periodicidade das sesións do pleno e da xunta de goberno local
- b) Creación e composición das comisións informativas permanentes, de seguimento e control
- c) Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do pleno
- d) Coñecemento das resolucións de Alcaldía en materia de nomeamentos de tenentes de alcalde, membros da xunta de goberno local, e presidentes das comisións informativas, así como das delegacións que esta Alcaldía estime oportuno conferir.
- e) Coñecemento da constitución dos grupos políticos municipais, que se constituirán mediante escrito dirixido ao alcalde e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaría xeral da Corporación, dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de voceiro do grupo, podendo designar tamén suplentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as doce horas e corenta e dous minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia